

**BASES DO**  
**III CERTAME GALEGO DAS ARTES POLA IGUALDADE DE XÉNERO**

**DEDICADO AO AUDIOVISUAL NO 2016 A: XISELA FRANCO**

***A Concellaría de Igualdade do Concello de San Sadurniño convoca un concurso de vídeos realizados con teléfonos móbiles, videocámaras ou tablets sobre o tema da igualdade entre homes e mulleres e que se rexerá polas seguintes bases:***

**1. Os vídeos abordarán temas ou historias sobre a igualdade entre mulleres e homes que expresen a visión persoal dos e das participantes.**

**2. A esta convocatoria poderán concorrer mulleres e homes nas seguintes categorías:**

- Categoría infantil (de 10 a 14 anos)
- Categoría xuvenil (de 15 a 18 anos)
- Categoría adulta (de máis de 18 anos)

**3. Os vídeos cumprirán os seguintes requisitos para poder concursar:**

- Estar gravados orixinalmente en lingua galega mediante teléfonos móbiles, cámaras fotográficas ou de vídeo dixitais ou tablets.
- Ser orixinais e inéditos e non ter sido premiados en ningún outro certame.
- Deberá figurar na gravación o nome da persoa ou persoas autoras, así como o título.
- Poderase concursar soamente cun único vídeo por participante.
- A obras poderán ser elaboradas con carácter individual ou en grupo.
- Terá unha duración mínima de 1 minuto e máxima de 5 minutos.
- Os vídeos deberán estar gravados en formato cinematográfico (en horizontal e non en vertical).
- As pezas poderán ser de ficción, documental ou de animación.
- En caso de incorporar banda sonora, esta deberá estar libre de dereitos ou contar cunha autorización expresa da persoa propietaria dos dereitos para a súa utilización na curta. No mesmo xeito, corren por conta das persoas participantes os dereitos de imaxe das persoas que aparezan nos vídeos.
- Serán automaticamente eliminados os vídeos que sexan irreverentes, fagan apoloxía de actos delituosos ou que vulneren os dereitos fundamentais das persoas.

**4. O rexistro ou envío das obras poderá facerse “on line”** no enderezo de correo electrónico [veronica.rodriguez@sansadurnino.gal](mailto:veronica.rodriguez@sansadurnino.gal) (preferiblemente en formatos .MP4, .AVI ou .MOV), subindo o arquivo de vídeo a un servidor de almacenamento (Dropbox, Google Drive...) e enviando o enlace de descarga á dirección de correo electrónico arriba indicado. Tamén poderán remitirse **ou** entregarse **en soporte físico** (pendrive ou DVD) a atención do Departamento de Igualdade do Concello de San Sadurniño no enderezo Concello de San Sadurniño, O Casal nº 16, 15560, San Sadurniño, A Coruña. **Todas as obras virán acompañadas por unha breve ficha de inscrición onde deberán indicar:**

Título:
Duración:
Formato de gravación:
Breve sinopse:
Nome e data de nacemento do autores ou autoras do proxecto:
Enderezo e teléfono de contacto:

**5. O prazo de admisión das obras** será do 2 ao 16 de novembro.

**6.** O Xurado estará constituído por **Sandra Sánchez (Directora de cine), Manolo González (Exdirector da Axencia Audiovisual Galega) e Manuela Vilaboy (Pedagoga)**. O xurado valorará a orixinalidade dos traballos e a consecución dos obxectivos da convocatoria, xa que este é un concurso temático no que ten máis peso o tratamento creativo do tema que a calidade técnica dos vídeos, aínda que esta tamén se terá en conta. O fallo do xurado será inapelable.

**7. O fallo do xurado será inapelable.** O xurado e a organización resérvanse o dereito a deixar os premios desertos.

**8. Os vídeos gañadores poderán ser difundidos polo Concello de San Sadurniño** a través das súas canles de difusión e información, así como en proxeccións públicas organizadas ou promovidas polo Concello de San Sadurniño.

**9. Os premios fallaranse o día 22 de novembro** e inmediatamente comunicáraselles ás persoas premiadas, convocándoas para a entrega dos premios.

**Concederanse dous premios por categoría:**

**Categoría Infantil:**

- 1º premio: 100 € e diploma de participación no certame
- 2º premio: 50 € e diploma de participación no certame

**Categoría xuvenil:**

- 1º premio: 100 € e diploma de participación no certame
- 2º premio: 50 € e diploma de participación no certame

**Categoría adulta:**

- 1º premio: 100 € e diploma de participación no certame
- 2º premio: 50 € e diploma de participación no certame

Todas as persoas premiadas recibirán unha edición do **documental “Contra os elementos”** co fin de dar visibilidade ao deporte feminino realizado pola Deputación da Coruña.

**10. A entrega de premios será o sábado 26 de novembro, ás 18:00 horas, na Casa da Cultura de San Sadurniño;** sendo obrigatorio a presenza das persoas gañadoras no acto.

**11. Presentarse ao certame supón aceptar integramente estas bases.** As persoas participantes serán os/as únicos/as responsables de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidesen realizar as persoas que aparezan nos vídeos.

Organiza: Concello de San Sadurniño

Colabora: Deputación da Coruña